

Medidas xerais de protección e hixiene para as persoas usuarias das actividades dirixidas
--

1. **Reserva de actividades e control da capacidade máxima dos espazos:** reserva a túa praza nas actividades que o precisen (Sala de Musculación, Sala Fitness e instalacións de uso libre) na nosa web: www.udc.gal/deportes.
2. **Acceso:** antes de entrar debes desinfectar as mans cos hidroxeles dispoñibles na instalación, así como o calzado nas alfombras habilitadas para o efecto.
3. **Distancia de seguridade:** mantén a distancia interpersoal de seguridade de 1,5 m en todo momento.
4. **Máscara:** o uso de máscara é obrigatorio en toda a instalación.
5. **Toalla:** é obrigatorio usar unha toalla propia.
6. **Esteira:** é recomendable usar unha esteira propia.
7. **Material da sesión:** con carácter xeral, non se compartirá ningún material. De non ser isto posible, garantirase a presenza de elementos de hixiene para un uso continuado.
 - Inicio da sesión: o/a monitor/a colocará o material individual para cada persoa usuaria da actividade no espazo establecido para a práctica.
 - Remate da sesión: as persoas usuarias da actividade desinfectarán e recollerán o material empregado por elas mesmas durante a sesión, cos medios proporcionados pola UDC (desinfectante e papel ou toallíñas desbotables), de acordo coas indicacións do/a monitor/a.
8. **Obxectos persoais:** todos os obxectos persoais, como por exemplo as toallas, deben permanecer dentro do perímetro de seguridade interpersoal, para evitar que o resto das persoas usuarias entren en contacto con eles.
9. **Vestuarios:** actualmente está permitido o acceso aos vestuarios agás nas instalacións da Aula Náutica e Edificio Normal.

As persoas usuarias que non cumpran estas medidas poderán ser excluídas da sesión. Tamén poderá denegárgelles o acceso á instalación deportiva por solicitude dos e das profesionais que nela traballan.

Estas medidas poderán modificarse en calquera momento para adaptarse á normativa sobre a COVID-19 vixente.

GRAZAS POLA TÚA COLABORACIÓN. ENTRE TOD@S, PARAMOS ESTE VIRUS!

Área de Deportes